

BASES CONCURSO DE PESCA INFANTIL

1. **Concurso Individual** para rapazada **entre 5 e 16 anos**.
2. **Todos os concursantes estarán acompañados** en cada momento **polos seus titores** designados.
3. **Só se permitirá o emprego dunha cana e un carrete** con un **máximo de dous anzois**, poderase levar repostos de cana e carrete pero non estará preparado para pescar se non é necesario.
4. Non se poderá facer uso de trueiros, ganchos, bicheiros....
5. O aparello de pesca será de libre elección (pesca de fondo ou pesca con boia) sempre e cando se cumpran os requisitos **máximo de dous anzois** por cana e aparello.
6. **Quedarán prohibido o uso de sustancias atraentes**, engodos e calquera aditivo que poida potenciar ou atraer as capturas.
7. Os concursantes **non poderán ausentarse do seu posto** de pesca sen antes dar aviso aos xuíces ou responsables do concurso.
8. **Será obrigatorio o uso dun recipiente** que o teremos sempre con auga limpa e fresca, do mesmo mar, para manter en boas condicións as capturas que logo unha vez rematado o concurso serán devoltas ao seu medio.
9. **Os concursantes deberán estar** inscritos previamente e acudir **15 minutos antes** para recontar aos participantes e dar inicio ó concurso.
10. Unha vez collida unha peza, os concursantes avisarán aos xuíces para contabilizar e tomar nota sobre a captura.
11. **O cebo vivo será agasallo de Náutica Andrade.**


PREMIOS

1º Premio xeral

2º Premio xeral

3º Premio xeral

Premio especial ao pescador máis xove



CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS

1. Valoración de número de pezas. Contabilizaranse as pezas e gana o que mais número de pezas colla. En caso de empate **gañará o que sume máis peso**. Así ata acadar os tres primeiros postos.
2. **O premio especial ó pescador máis xove**. Gañará o pescador máis xove que teña algunha captura e non lle dea para os premios xerais.